

O CANDIL

Outubro 1998

Nº 19



Mapa do recoñecemento polos irmáns Nodal do estreito de Magallanes e S. Vicente.
Localización do Cabo de Udra. Ano 1619

O MAR DO NOSO PASADO

Este é un novo O Candil no que tentamos aproveitar para coñecemento do noso pasado á guía da Exposición que co título ‘O mar do noso pasado’ temos instalada durante todo o mes de outubro na entrada do Colexio. A exposición esta organizada pola Asociación Amigos da Biblioteca en estreita colaboración có profesorado do centro.

Moitos foron os que fixeron posible este evento, non só na recompilación de información, senón na montaxe, construción ou na cesión de pezas. A todos (Fernando Macías Yáñez, Miguel Sarmiento Rivas, Manuel Cerviño Patiño, Jesús Gago, etc.) un recoñecemento moi fondo do Centro e da Asociación Amigos da Biblioteca.

A documentación e grande como para ser nomeada aquí, soamente citar como fontes principais os libros “Pontevedreses Universales” do profesor Filgueira Valverde, publicados pola Deputación Provincial, “Galería de gallegos ilustres” de Teodosio Vesteiro, etc.

***“Illas que aparecen en horizontes
de compases marcados os seus rumbos
en cartografía roída polo tempo
onde xuntar mares, terras e xentes”.***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Equipo de Normalización Lingüística
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

Introducción

Desde tempos moi remotos, cando os pobos prerromanos empregaban barcas de coiro e vimbios, a ría de Pontevedra víu evolucionar o comercio marítimo e os sectores pesqueiro e militar.


A vila de Pontevedra é a capital comercial galega por excelencia a finais do medievo e inicios da modernidade, e o seu dinamismo alcanza a toda a ría.

É este un tempo de innovacións tecnolóxicas, de apertura de novos roteiros comerciais que trasladan o centro xeopolítico do mediterráneo ó atlántico. O descubrimento de América e o Pacífico por unha banda, e o Cabo de Boa Esperanza e o Índico por outra, facilitarán que as potencias europeas promovan expedicións científicas co fin de explorar os novos territorios.

Polo noso mar navegan ás novas embarcacións, sendo un bo miradoiro da evolución da técnica naval. Ademais, obriga a novos mariñeiros, tripulacións e mandos das expedicións á busca de territorios descoñecidos.

Desde aquí preténdese reflectir a importancia de tódolos trocos habidos no universo naval e a súa incidencia en Galicia en xeral e na ría de Pontevedra, en particular. E todo sen perder a perspectiva local: Bueu, unha vila mariñeira, interrelacionada con esas xentes que abriron as portas a un novo mundo.

Co desexo de recuperar o noso pasado e vencellalo co noso futuro, presentamos unha mestura de feitos e persoas tan propias do legado histórico que nos pertence, como universais polas súas viaxes lendarias.




XELMÍREZ

A navegación galega conta na súa historia cun momento decisivo inicial: a construción polo bispo Xelmírez, no s. XII, de dous barcos cos que protexer as nosas costas de incursións marítimas.

Segundo nos escribe Filgueira Valverde foi Xelmírez o iniciador da mariña do Atlántico. O seu interese centrábase case exclusivamente en lograr a protección das ribeiras que padecían a depredación de nórdicos e, fundamentalmente, sarracenos.



RÉPLICA DE BARCOS NORMANDOS. TAPIZ. (Bayeux. s. XI)



RÉPLICA DAS NAVES DE XELMÍREZ

PAYO GÓMEZ CHARIÑO

Payo Gómez Chariño (s. XIII), da liñaxe de Soutomayor, emparentada cos Aldao, aparece vencellado ás vilas de Rianxo e Pontevedra. Sen embargo, en Bueu non podemos esquecer que a Torre de Cela era parte do patrimonio do Maiorazgo dos Gómez de Soutomayor e tampouco que, cando este almirante do Mar tomou Sevilla ía encomendado a San Cremenzo, patrón da capela da Illa do Santo.

Payo Gómez é o símbolo da aportación galega á conquista de Andalucía aparte de trobeiro de renome. Capitaneando unha embarcación galega (con tripulación do Morrazo) rompe as cadeas da Ponte de Triana, no río Guadalquivir, permitindo a toma da cidade polas tropas do rei santo Fernando III. Desde entón o Corpus pontevedrés sacaba na súa procesión unha nao, símbolo da que participara na toma de Sevilla.



Labra heráldica da Torre de Cela
(Bueu)



Sepulcro de Payo Gómez Chariño en S. Francisco (Pontevedra)

ALFONSO JOFRE TENORIO

Garda-maior e rico-home da corte de Alfonso XI era natural de Tenorio (Pontevedra). Investido Almirante de Castela polo propio rei, loita no 1327 contra os mouros polo dominio do mar de Xibraltar.


Na guerra contra Portugal (1337) alcanza os seus maiores éxitos cando logra o apresamento da armada inimiga mandada polo xenovés Manuel Pecano.

Na alianza entre as coroas de Castela, Aragón e Portugal (1339) capitanea á escuadra castelá. Abandonado polos seus aliados ataca con trinta e dúas naves ás duascenas cincuenta benimerines atopando a morte en tan desigual combate.

A crónica de Alfonso XI fai mención do seu insigne valor e da nobreza.

No século XIX, no Museo Naval de Madrid obstentaba nas paredes do Salón de Almirantes os retratos de Alonso Jofre Tenorio fronte ó de Payo Gómez Chariño.

A “flota de Baiona” fronte á portuguesa



*En su palacio entraba / e iba a descabalgar,
Alfón Jufre llamaba / Almirante de la Mar
Díxole que se quissase / con la de su flota muy bien,
E el Algarbe estragasse / e Santiago de Caçen.
Aprestóse noblemente, / en la mar feso entrada,
Passó el cabo d'España / con la flota bien guisada.
La flota de Portugal / correr la de Bayona fuera,
E por ende mucho mal / fiso en aquella ribera.
La flota de Portugal / correr la de Bayona fuera,
E por ende mucho mal / fiso en aquella ribera.
La flota fixo tornada, / con muy gran robo volvieron.
Por correr otra vegada / allá se acogieron.
Lagos aínda passaron / e el cabo de San Vicente.
Alfonso Jufre fallaron / con su flota noblemente.*

(Poema de Alfonso XI, 604-609)



GONZALO GARCÍA NODAL
(Museo de Pontevedra)



BARTOLOMÉ GARCÍA NODAL
(Museo de Pontevedra)

BARTOLOMÉ E GONZALO GARCÍA DE NODAL

Bartolomé e Gonzalo García de Nodal, naturais da Moureira (Pontevedra), residiron na Boa Vila no camiño que vai da capela de San Roque ás Corbaceiras. Non obstante, para un veciño de Bueu sempre resulta interesante a anécdota do casamento do ilustre navegante Gonzalo de Nodal, pois casou cunha fidalga desta parroquia, concretamente con Catalina Fernández de Aldao, da casa dos Aldao de Bueu e Cela.


Os dous irmáns, aínda novos, embarcaron na Armada da S.M. (Escuadra do Mar Océano), participando en múltiples apresamentos de barcos con bandeiras inimigas (fundamentalmente, ingleses e holandeses), alcanzando o éxito profesional e a fama como navegantes.

Como consecuencia do renome conseguido, o rei Felipe III encoméndalles unha misión especial, a exploración do Estreito de Magalláns, co fin de convertelo nun lugar apropiado para o tránsito marítimo, tarefa que inmortalizaría ós nosos heroes. Anteriormente, tanto Magalláns como Sarmiento de Gamboa tiñan realizado expedicións ás mesmas costas, mais as conclusións de tales viaxes non foran logradas pola morte prematura dos expedicionarios.

Entre 1618 e 1619, ó mando dos barcos Nosa Señora do Bo Suceso e Nosa Señora de Atocha, e acompañados polo cosmógrafo Diego Ramírez de Arellano, piloto da base de contratación de Sevilla, realizan cun rotundo éxito o traballo encomendado. Esta aventura será logo publicada baixo o título "*Relación del viage que por orden de su Magestad, y acuerdo de el Real Consejo de Indias, hicieron los capitanes Bartholome Garcia de Nodal y Gonzalo de Nodal, hermanos, naturales de Pontevedra, al descubrimiento del estrecho nuevo de San Vicente, que hoy es nombrado de Maire y Reconocimiento del de Magallanes*".

De toda esta viaxe, interésanos, desde unha visión localista, enfatizar o achado realizado o cinco de febreiro de 1619 "*y las Islas que queda dicho, como mas claramente se verá en la planta que se hiziere, y de la parte de Loeste y Loesnoroeste, haze la figura que aquí va señalada, que es desde cabo de San Ilefonso, hasta cabo de Udra, donde ay muchas ensenadas y vaias, que de mar en fuera parecen Islas, por ser las montañas muy altas y quebradas*".

ÁRBORE XENEALÓXICA DA FAMILIA NODAL-ALDAO



Delos Capitanes Nodales. 36

nadas, y las Islas q̄ queda dicho, como mas claramente se vera en la planta que se hiziere, y dela parte de Loeste y Loesnoroeeste, haze la figura que aqui va señalada, que es del de cabo de san Ilesonso, hasta cabo de Vdra, dōde ay muchas ensenadas y vaias, q̄de mar en fuera parecen Islas, por ser las montañas muy altas y quebradas.



Cabo de Vdra. Este es muy conocido.

Cabode S. Ilesonso de lexos parece Isla.

Martes doze de Hebrero, dia de Carn estolendas, amanecimos a la mar del cabo de san Ilesonso: saltò el viento a Loesnoroeeste, la buelta del Sudueste, anohecimos cosa de dos leguas de la Isla de Diego Ramirez, que està Nordeste y Sudueste, con el cabo de san Ilesonso: boluiose a sondar cincuenta ò cincuenta y cinco braças y limpio.

Fuefe e

O martes, 5 de febreiro de 1619, os irmáns Nodal na súa viaxe ó descubrimento do estreito Maire describe e nomea ó cabo seguinte a San Ilesonso como Cabo UDRA en memoria do da nosa ría.

ENRIQUE MAC-DONNELL Y DE GONDÉ

Enrique Mac-Donnell, aínda que de ascendencia irlandesa, naceu en Pontevedra no ano 1753.

A súa carreira no exército iniciouse moi cedo (disque ós once anos ingresou como subtenente no rexemento Ultonia formado soamente por irlandeses). Ós vintetrés anos era Tenente de Fragata na Mariña española e xa nese ano entra en combate victorioso, na enseada de Melilla, contra os piratas.

Mac-Donnell, xa ascendido a Tenente e logo a Capitán de Navío, manda polas costas americanas diversas embarcacións coas que loitará contra os ingleses nas illas Terceras, Cuba, costa de Honduras,... e sempre, aínda que ferido por dúas veces, sae invicto.

Tras uns anos na Capitanía do porto de Cádiz e ó estalar a guerra entre Rusia e Suecia ofrécese voluntario para servir na mariña de Gustavo II, na cal actúa ó mando do Almirante Ehremwerd. En agosto de 1789, en Swenskend, fronte ás costas Finlandesas, tras un longo combate con dezaseis naves inimigas cae ferido e foi feito prisioneiro. Xa en San Petersburgo foi liberado baixo palabra de non volver a servir ó rei de Suecia.

De novo en España manda diversos navíos contra o corso polas costas de Berbería e Cabo San Vicente. Tras uns anos retirado solicita o seu reingreso para loitar na guerra contra Inglaterra. En Trafalgar é desarbolada a súa nave por un forte temporal, caeu en medio da escuadra inglesa e tivo que se render.

Outra vez témolo loitado na Guerra da Independencia, non só coma militar senón exercendo labores diplomáticas.

Ascendido de Almirante a Tenente Xeneral da Armada (grao máximo) pasa os seus derradeiros anos con achaques de saúde e estreiteces económicas.



Almirante Enrique Mac-Donnell
Óleo. Museo de Pontevedra. Salas Navales

ALMIRANTES MATOS

A Xunta Militar de Galicia, en 1628, nas Proposicións sobre a tripulación da Escuadra, presenta coma candidatos para capitaneala a Juan Matos e ó seu parente Juan de San Vicente, ámbolos dous aveciñados na Moureira e mariños de profesión.

A estirpe dos Matos tiña relación de parentesco tamén coa dos Aldao e entre outros famosos descubridores cos Nodales.

JUAN DE MATO, el Viejo

Natural da Moureira, de finais do século XVI, xa se ten constancia del no Gremio do Mar e no concello de Pontevedra. Coñecido como Almirante da Escuadra de Barlovento, tiña ó seu cargo os navíos de información da costa do Reino de Galicia. Polos seus servicios foi premiado a través de Célula Real polo Rey Felipe III (1604). Tamén loitou na flota do Reino de Nápoles.

JUAN DE MATOS, el Mozo

Desde moi cedo entrou na Armada (1601), chegando a Almirante, Gobernador da escuadra de Galicia. Loitou no Cantábrico contra os franceses levantado o cerco de Ondarríbia e Guetaria. Tamén loitou contra os holandeses onde caeu prisioneiro.



JUAN DE MATOS

Sobriño do anterior, nace en Pontevedra (1613), foi proafillado por Juan Domínguez de Nodal. Da Escuadra de Galicia pasou á Napolitana onde estivo ás ordes de Don Juan de Austria.

Foi rexedor perpetuo da vila de Pontevedra. Como Almirante loitou contra os franceses, morrendo dun canonazo fronte as costas de Barcelona.

PEDRO SARMIENTO DE GAMBOA

Pedro Sarmiento de Gamboa, fillo do pontevedrés Bartolomé Sarmiento, foi o primeiro mariño que cruzou o estreito de Magallanes cara o leste (1579). Ó mando de trescentos homes e tres naves defendeu as augas do estreito. Foi nomeado gobernador da zona de Magallanes onde fundou cidades como San Felipe (desaparecida) para que serviran como zonas de control do devandito estreito contra os piratas ingleses.

É coñecido no só como militar senón coma escritor, historiador, cartógrafo, etc... Como historiador escribiu: "Historia de los Incas" (1572). Como dicía Markhan, "foi o máis científico dos navegantes do seu tempo".

Tras moitas e non sempre afortunadas vicisitudes foi feito prisioneiro polos ingleses cando volvía a España para solicitar axuda para os poboadores que deixara con dificultades no cono sur americano.

Posto en liberdade e pasando de Francia a España foi feito de novo prisioneiro polo conde de Bearne que o retivo en moi malas condicións durante máis de tres anos ata que foi pagado o seu rescate polo rei español Felipe II.

Nomeado almirante embarcou de novo para loitar contra os corsarios, pero enfermo tivo que achegarse a Lisboa onde morreu en xuño de 1592.




JUAN DA NOVA (1501)

Juan da Nova, tamén apelidado "Galego", segundo os datos biográficos ofrecidos por A. Landín Carrasco, era natural de Pontevedra, descendente dunha familia fidalga.

Das súas condicións para o mando e dos seus coñecementos náuticos é revelador o feito de que se lle encomendase, como capitán maior, a xefatura dunha flota de catro naves (a terceira armada da India), coa que se faría ó mar desde o barrio lisboeta de Belén, o 4 de marzo de 1501; mandaba unha desas naves Diego Barbosa e supoñen algúns, con escaso fundamento, que en calidade de cosmógrafo embarcou tamén Américo Vespuccio, daquela ó servizo de don Manuel o Afortunado.

Nesta viaxe, con recalada previa na costa brasileira, cruzou novamente o Atlántico camiño de Oriente e o 20 de maio descubría a illa por el chamada da Concepción, que máis tarde don Afonso de Albuquerque, segundo vice-rei da India lusitana, rebautizaría co seu nome actual: Ascensión.

Na costa india de Malabar venceu Nova a unha agrupación de 40 naves locais que se opoñían ós seus designios. Desembarcado en Cananore, provincia de Madrás, puido fundar alí unha factoría lusitana. Xa de volta á metrópole, o 15 de abril de 1502 viu por vez primeira a tamén africana illa de Santa Helena, que sen dúbida debe a súa posterior celebridade ó feito de ter sido escenario da prisión e morte de Napoleón Bonaparte. O 11 de novembro do último ano citado entraban as naves de Juan da Nova polo esteiro do Teixo, e xa no chan lisboeta foi o noso capitán recibido e agasallado polo rei Manuel.



Outros mariños galegos, de grande gloria para o noso pobo son:

GIL DE ANDRADE

Felipe II puxo (1568) ó mando dunha escuadra a Gil de Andrade para evitar que os mouriscos das Alpujarras, cos que estaba en loita, recibisen subministrados de África. Tras múltiples loitas con éxitos brillou Juan de Austria e outros mariños, entre eles, como Gil de Andrade.

O máis significativo do insigne mariño galego ven dado da súa exitosa participación contra o turco no combate de Lepanto como capitán xeneral das galeras de España.

JUAN MARTÍNEZ RECALDE

Logo da conquista de Portugal por Felipe II, mandou someter ás Azores a unha flota ó mando de Bazán e a outra, desde o norte, con Martínez Recalde, que tras diversas escaramuzas lograrán someter á insurrecta illa Tercera.

Juan Martínez Recalde participou contra o inglés, na escuadra *Invencible*, como vicealmirante.

GONZALO DE VIGO

Gonzalo Álvarez, natural de Vigo, participou como tripulante da flota de Magallanes no descubrimento do estreito que leva o nome deste.

Trala morte do capitán xeneral e ás ordes de Elcano, deserta nas Marianas, sendo rescatado anos máis tarde pola armada de frei García Jofre de Loísa, sorprendido de atoparse entre os nativos un que saúda á maneira de España.

A ESCUADRA DE GALICIA

No s. XVII, a Xunta do Reino de Galicia prantexa indisolublemente, a necesidade de recuperar o voto de Galicia nas Cortes coa asistencia para a seguridade das nosas costas (tan necesaria en momentos de enfrontamentos coas monarquías de Europa Occidental).

É así como se crea a Escuadra de Galicia, composta por mariñeiría e soldados galegos.

Xunto á escuadra, entre 1621 e 1640 funciona na Coruña o "Seminario de Muchachos del Mar", fundación educativa que pretendía formar nos estudos náuticos ós que había servir naquela armada.


JUAN DE LANGARA

Aínda xove comezou a súa carreira militar que o levaría polos mares de Europa, América e, ata en tres ocasións, polos mares de Asia.

Loitou nas costas do Brasil, tomou a illa de Santa Catalina, pelexou contra os ingleses nas costas portuguesas e do golfo de Cádiz onde foi ferido e feito prisioneiro.

Nomeado máis tarde tenente xeneral da Armada e capitán xeneral do departamento de Cádiz

Mais tivo que volver a guerrear contra os franceses. Como recoñecemento ós méritos acadados nesta loita foi nomeado Secretario de Estado e Director Xeneral da Armada (1796) e máis tarde ministro de Marina e Conselleiro de Estado.



FRANCISCO A. MOURELLE DE LA RÚA

Naceu en 1750 na vila de Corme (A Coruña). Moi novo ingresou na Academia de Pilotos de Ferrol.

Como primeiro piloto participou nas expedicións nas que ía Jacinto Caamaño.

Como escritor redactou, en varios volumes, historias de expedicións marítimas ó norte de California.

Nas dúas viaxes que fixo polo Pacífico descubriu moitas illas detalladas no diario de abordo e nos mapas.



Francisco Mourelle de la Rúa. Museo de Pontevedra.

JACINTO CAAMAÑO MORALEJA

Jacinto Caamaño, nado en Madrid (1759), fillo de Juan Fernández de Caamaño (arousán) estivo ligado ó Grove de onde era a súa familia paterna.

Sen pasar polas Escolas Navais ós vintecinco anos era xa nomeado tenente de fragata.

Expedicionario intrépido que describiu e cartografou a costa oeste de Norteamérica chegando ata as proximidades de Alasca.

Os seus percorridos ampliáronse polos mares do Pacífico.

Casou coa ecuatoriana Francisca de Arteta y Santisteban, filla do alcalde da cidade de Guayaquil.

RAMÓN ROMAY

Coruñés, de carreira militar, entra en combate no ataque a plaza de Argel ás ordenes de Barceló. No ano 1793 loitou conta a armada francesa ó mando dunha escuadra de 24 navíos e 9 fragatas, onde lles arrebatou ás Illas de San Pedro e San Antioco (que pertencían ó rei de Cerdeña). Romay con Mourelle foron os dous galegos que na desgraciada batalla naval entre a escuadra española e inglesa no Cabo de San Vicente, saíron invictos, coincidindo como Ministro de Mariña o paisano Langara.

Foi á América coa fin de deter as revoltas en Santo Domingo, e cando viña de volta a España, foi feito prisioneiro polos ingleses, dos cales foi prisioneiro un longo do tempo outras dúas veces máis.

De 1808 a 1814 loitou contra a invasión francesa na Guerra da Independencia, ó final desta foi desterrado polo rei Fernando VII.

Posteriormente volve a España, onde alcanza os maiores grados militares.

* * * * *

SATURNINO MONTOJO Y DÍAZ

Nado en Ferrol no ano 1796. Foi un excelente catógrafo, matemático e astrónomo.

Como alférez de navío, ás ordes de Guruzeta, vai ás Malvinas, dobra Cabo de Hornos, percorrendo as costas do Perú onde entra en combate coas tropas rebeldes (de Perú e Colombia), mandadas por un comodoro inglés.

Traballou como astrónomo no Observatorio de San Fernando no que chegou a ser director. Foi nomeado membro da Academia das Ciencias.

Estivo ó cargo da actualización do catálogo da Sociedade Astronómica de Londres, onde rectificou a posición de moitas das estrelas.

MANUEL VENTURA FIGUEROA

Manuel Ventura Figueroa non foi mariño senón bispo, e ademais un ilustrado galego, exemplo paradigmático de ascendencia a través dos distintos estamentos sociais.

Ilustre resulta a súa obra política, entre as que cabe destacar o Concordato coa Santa Sé de 1757, por el negociado, o carácter precursor do fomento bibliotecario, conselleiro da Cámara de Castela, promotor de sociedades económicas e montepíos.

Precisamente por ser promotor do Montepío da Pesca, recuperamos a memoria deste home, antepasado tanto de D. José, o cura que tantos anos pasou na parroquia de Cela, como da familia Massó. Coñecedor dos problemas dos mariñeiros do noso país (para iso elaborara un interrogatorio sobre a situación do sector en Galicia) fomenta a creación dun Montepío coa finalidade de financiar a reforma estrutural do sector, ó tempo que pretendía servir de amparo a orfos, viúvas e vellos do mar.



Manuel Ventura G. Figueroa



MINISTERIO DE GRACIA Y JUSTICIA
SUBSECRETARÍA

Particular.

Dr. Don José Portela

Muy Sr. mío y de mi consideración mas distinguida: Recibí el carta á la que no me ha sido posible contestar antes.

El concurso para proveer la plaza de Patrono de San-
gre de la Fundación Figueras se anunció, como V. sabe,
en la Gaceta del día 11 de Mayo del corriente, señalándose
hasta el día 20 del corriente mes como plazo para la
presentación de solicitudes, de manera que hasta des-
pues de pasado este día, no se ha de dictar resolución.

Como V. sabe tambien el nombramiento ha de recaer
en el pariente mas propinquo así de parte del padre
como de la madre del Fundador, y puede V. estar seguro
de que así será, de modo que si Vd. es el pariente mas
propinquo, V. será nombrado, lo que muy sinceramente ce-
lebraría.

El resultado seguramente lo conocerá Vd. antes que yo, pues
en este asunto yo no tengo la menor intervención, no obs-
tante tan pronto llegué á mi convencimiento se lo transmití,
atemblando á sus ruegos.

Sabe que está en su disposición y es en afano amigo

J. P.

J. C. M.

Trinidad Figueras

18 Junio 922

Segun me informan en la Protectoría hasta ayer sabado
y día 14 no se ha recibido la instancia que Vd. dice ha
presentado solicitando el cargo de Patrono. Se lo digo porque
en la Gaceta de que le he copiado se declara el plazo de 15 días
mas o menos dicho sitio a donde hay que mandar las instancias.

MÉNDEZ NUÑEZ

Símbolo do mariño de espírito tradicionalista, heroe clásico, natural de Vigo e residente nestas terras que rodean á Boa Vila, proclamou como honra persoal ser o alcalde de Marín.

Estratego militar sen par, o seu nome resoa cos trunfos das batallas de Pagalungán e o Callao, ó mando da fragata Numancia, primeiro acoirazado español.

Como anécdota, sinalar a admiración que ocasionou nos seus inimigos ingleses, que o homenaxearon cunha parada naval na ría de Vigo, logo da súa morte.

A súa aura inspirou a múltiples literatos galegos (Pintos, F. Fulgosio, C. Arenal, P. Landín, Saiz, Lamas Carvajal,...) e españois (Bécquer, Pérez Galdos, ...)




CORSARIOS E PIRATAS

A costa galega sufriu ó longo dos tempos, dada a súa posición xeográfico-co-estratéxica, a arremetida de barcos estranxeiros coa finalidade de rapina, impedindo o exercicio dun desenvolvemento económico e comercial libre.

Como reacción, o Estado ofrece a determinados armadores as denominadas licencias de corso, permiso para actuar militarmente contra embarcacións de bandeiras inimigas.

Durante a Guerra da Independencia son varios os nomes que da nosa ría saltan a barreira do anonimato: a linaxe Gago de Mendoza, con casa matriz en Aguete, capitanea os barcos de Pedro Plá, fomentador e armador de Beluso.

Outros nomes, cunha ambición excesiva, conságranse ó pirateo e contrabando. A toponimia de Bueu revélanos esta actividade ó referirse á Enseada dos Carcamáns, clara referencia á actividade extraperlista. Curiosamente, neste lugar desembarcaría, no s. XIX, as súas mercadorías e tesouros Benito Soto, derradeiro pirata, in strictu sensu, do noso mar. Pouco tempo despois sería capturado e aforcado en Xibraltar.



Derroteiro de Benito Soto



Benito Soto

CARTOGRAFÍA

Para comprender o significado dos “Descubrimentos” e o seu alcance como encontro de culturas, nada mellor que o espello da cartografía, rexistro das alteracións nas pantasias conceptuais do mundo.

Fai dous mil anos, Ptolomeo realiza un trazado xeográfico do mundo coñecido, situándose o centro do mundo no territorio arábigo. A súa principal acción será a aplicación da matemática e a astronomía. De Ptolomeo herdáronse ideas como ó situar o norte arriba, o leste á dereita; representación da esfera terrestre.




Mapa de Ptolomeo

Na Idade Media áchanse dous tipos ben diferenciados de cartografía:

Primeiramente, os portolanos, cartas de navegación medievais, tiñan na exactitude técnica o seu principio fundamental.



Por outra banda, o excesivo peso da relixión na vida cotiá medieval influenciará os debuxos cartográficos, cunha forte componenda mítica: plasmación das illas fantásticas (S. Brandán, Brasil,...), o Paraiso Terrenal (o exemplo do Beato de Liébana),...



Mapa do Beato de Liébana




A modernidade e os novos descubrimentos xeográficos van á par. As costas americana e africana primeiro e as asiáticas despois serán exploradas e debuxadas nos portolanos. O cabo de Boa Esperanza e o estreito de Magallanes abren as portas dun novo universo. A esfericidade da terra queda totalmente constatada contra a superficie plana, etc.

Os descubrimentos xeográficos de Occidente (principalmente portugueses e españois) seguiron dous vieiros: hacia o sur e leste, e hacia o oeste. No primeiro caso, os portugueses foron os que sempre levaron a iniciativa colonizando a costa africana (Cabo Verde, Castelo da Mina, ...) ata o Cabo de Boa Esperanza, remontando hacia o Índico e achegándose ás riquezas da India e da China. No segundo caso, será a coroa castelá a que, logo de remata-la reconquista a que lidere as exploracións de novas sendas marítimas: logo do descubrimento de América, homes como Magallanes, Elcano, Juan de Nova, Sarmiento de Gamboa, os irmáns Nodal, etc. realizan esas tarefas tras descubrimentos polo Pacífico.

Finalmente, queda demostrada a esfericidade da Terra representada polos cartógrafos como un grande espacio incógnito: novos territorios sen explorar (terra Austral, continente americano,...), mares aínda pouco coñecidos nos que se describen lugares míticos (Illa de San Barandán, Illa do Brasil, ...) así como nos que faltan lugares por atopar (Australia,...).

Nos mapas obsérvase como centro xeopolítico se traslada do Oriente Próximo ó Atlántico, novo escenario económico.

Non se pode deixar de facer un inciso na historia da nosa navegación neste ano de 1998, centenario da perda da posesións de ultramar, vestixio do pasado marítimo. Unha lembranza das posesións caribeñas, africanas e asiáticas



A TÉCNICA DOS DESCUBRIMENTOS


Se na idade antiga e media as técnicas de navegación estaban pouco desenvolvidas (a navegación seguía fundamentalmente a liña costeira a falta doutros medios de referencia), coa idade moderna aparece un conxunto de instrumentos que permite as aventuras oceánicas.

O astrolabio é un instrumento de orixe grego, usado para a observación da posición dos astros e permite determinar a súa altura sobre o horizonte.

A ballestiña é un instrumento que permite coñecer a altura dos astros. Componse dunha vara cuadrangular (virote) de metro e medio de altura graduada nunha das súas caras, pola que pode correr unha regra. Funciona enfiando co astro as extremidades de ámbalas dúas pezas, dando, a graduación, a coñecer a altura do astro.

Compás. Instrumento que serve para comparar todas as direccións coa do norte magnético. Nos barcos preséntase como un recipiente con tapa de cristal montado sobre unha suspensión nun soporte de madeira.

Sextante: Instrumento de observación que permite medir a distancia angular dos astros e a súa altura sobre o horizonte. No mar mídese o ángulo entre o horizonte visible (por iso non se usa na noite) e un astro, normalmente o sol).



A FILATELIA

Unha pequena mostra filatélica permítenos observar distintos aspectos da historia da navegación, desde as embarcacións tradicionais ata a entrada na modernidade. Tamén nos abre o mundo dos recubrimentos: o encontro de mundos distintos, os navegantes (o universo colombino, principal motivo filatélico da navegación), a cartografía, etc.




BARCOS

Unha exposición sobre o mar do noso pasado realizada en Bueu non pode esquecer o mundo pesqueiro, orixe das relacións entre os nosos antergos e o universo náutico.


Xa na prehistoria os morracenses manexaban pequenas embarcacións coas que sucar as augas do océano, tal e como nos atestigua os petroglifos da Dorna ou o castro das Cidades, en Moaña. Lembrar agora datas tan lonxanas non está, en absoluto, fóra de lugar canto supón o inicio dunha actividade mariñeira menor, característica propia desta localidade até ben pasado o século XVIII: as testemuñas escritas desbotan a existencia de "nabios de alto bordo" nesta parroquia de Bueu no século XVII, e cen anos despois, só se constata a práctica pesqueira de dornas (xeiteiras e polbeiras).

A industria de fomento da salgaduría de sardiña supón a revolución no noso mar, a orde trastócase e o noso pequeno porto pasa a converterse nun centro neuráxico do transporte marítimo galego, cunha forte actividade comercial cos portos mediterráneos, cantábricos, coloniais e mesmo estranxeiros.


Por todo isto, non se pode deixar de facer mención ó conxunto de embarcacións que se asociaron a estas nosas costas: as tradicionais dornas, botes polbeiros e lanchas do xeito engádenselle as lanchas da arte, os balandros e galeóns comerciais de pequeno porte, quechemaríns, goletas, bergantíns, goletas-bergantín, etc., propias das fotografías localizadas nas praias de Beluso e Bueu ó principio deste século.



Queche



Goleta



Bergantín

SALGADEIRAS

A historia da navegación local está intimamente vencellada á industria transformadora da pesca, sendo os salgadoiros as fábricas que aportan produtos para a exportación favorecendo o tráfico comercial.

De feito son os mesmos fomentadores os que posúen os coñecementos e os medios para a práctica do comercio marítimo.

Propietarios de barcos de porte mediano (queches, goletas, goletas-bergantín,...) percorrían a costa europea, desde o Adriático ata o Mar do Norte, e incluso se achegaban á costa americana na súa andaina comercial.

A herdanza que hoxe conservamos desta actividade móstrase na arquitectura popular: os salgadoiros, das que o seu principal e máis característico elemento era o morto ou lugar de prensado.

En Bueu diferenciamos dous tipos básicos de sistema de prensado: Un primeiro atende á característica de palanca lineal, do que se diferencias os modelos de: machos, argolas e sables. O segundo tipo de prensado responde a unha técnica de fuso con dous modelos: o de fusos colgantes e o de fusos inseridos no chan.



↑
Salgadeira de fusos colgantes



↑
Salgadeira de sables

Maquetas de salgadeiras do CEIP de Bueu

ÍNDICE

LIMIAR	2
INTRODUCCIÓN	3
XELMÍREZ	4
PAYO GÓMEZ CHARIÑO	5
ALFONSO JOFRE TENORIO	6
BARTOLOMÉ E GONZÁLO GARCÍA NODAL	7 – 10
ENRIQUE MAC-DONNELL Y DE GONDÉ	11
ALMIRANTES MATOS	12
PEDRO SARMIENTO DE GAMBOA	13
JUAN DA NOVA	14
GIL DE ANDRADE	15
JUAN MARTÍNEZ RECALDE	15
GONZALO DE VIGO	15
A ESCUADRA EN GALICIA	16
JUAN DE LÁNGARA	16
FRANCISCO A. MOURELLE DE LA RÚA	17
JACINTO CAAMAÑO MORALEJA	17
RAMÓN ROMAY	18
SATURNINO MONTOJO Y DÍAZ	18
MANUEL VENTURA FIGUEROA	19 - 20
MENDEZ NÚÑEZ	21
CORSARIOS E PIRATAS	22
A CARTOGRAFÍA	23 – 24
A TÉCNICA DOS DESCUBRIMENTOS	25
A FILATELIA	26
BARCOS	27
SALGADEIRAS	28